

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A CAPTACIÓN MEDIANTE CONCURSO DE NOVO PROFESORADO ACREDITADO A PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A OU AXUDANTE DOUTOR/A

O Consello de Goberno do 29/10/2018 aprobou o Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19.

Ese programa incluía na disposición B) Os criterios para a selección de áreas de coñecemento para a captación mediante concurso de novo profesorado acreditado a profesor/a contratado/a doutor/a ou axudante doutor/a no curso académico 2018/19

A disposición adicional do acordo do Consello de Goberno do 29/10/2018, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar a convocatoria deste programa de captación. En virtude desa habilitación, resólvese realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública dos concursos de acceso á categoría de Contratado/a Doutor/a ou Axudante Doutor/a do apartado B) Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19, aprobado por Consello de Goberno do 29/10/2018.

Este procedemento rexeráse polos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a captación mediante concurso de novo profesorado acreditado a profesor/a contratado/a doutor/a ou axudante doutor/a no curso académico 2018/19 do acordo do Consello de Goberno do 29/10/2018 polo que se aprobou o Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

2. Requisitos para participar no programa de promoción

1. Poderán solicitar nesta convocatoria unha praza de Axudante Doutor/a ou Profesor/a Contratado/a Doutor/a, de acordo coa acreditación que achegue o/a solicitante, os/as investigadores/as cunha vinculación temporal coa UDC non consolidable, tanto na actualidade como no pasado, en calquera dos seus grupos de investigación e que acrediten ter desenvolvido completamente algún dos seguintes programas e que contén co certificado I3:

1. Investigador/a dun programa de Ciencia Excelente da Unión Europea
2. Investigador/a do programa InTalent
3. Investigador/a do programa Beatriz Galindo
4. Investigador/a do programa Marie Curie
5. Investigador/a do programa Juan de la Cierva

Código Seguro De Verificación	0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	23/09/2019 14:11:31
Observacións			Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==			



6. Coordinador/a ou IP de proxecto ou rede financiado dentro dos programas marco da Unión Europea
7. Investigador/a dun programa postdoutoral

3. Numero de prazas que se ofertan e procedemento de selección

1. Poderán convocarse un máximo de 2 prazas, que ben poderán ser de Contratado/a Doutor/a ou de Axudante Doutor/a.

2. Adxudicarase só unha praza por área de coñecemento.

3. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, unha Comisión constituída por membros da Comisión de Organización Académica e Profesorado e da Comisión de Investigación, delegadas do Consello de Goberno; polos/as directores/as dos Campus de Especialización da UDC e por un/ha representante do Comité de Empresa do PDI, este/a último/a con voz e sen voto, valorarán as solicitudes de acordo cos criterios seguintes:

- a) A primeira orde establecerase tendo en conta o programa desenvolvido dos relacionados na disposición 2 deste documento, que aparecen organizados de maior a menor prioridade.
- b) Dentro de cada categoría, as solicitudes ordenaranse segundo a data de resolución que conste no certificado I3
- c) No caso de empate na data do certificado I3 dentro de cada programa, terán prioridade as persoas candidatas que contén cunha acreditación a Titular de Universidade, en segundo as que contén acreditación a Profesor/a Contratado/a Doutor/a e por último, as que presenten unha acreditación a Axudante Doutor/a. No caso de igualdade no nivel de acreditación terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga (no caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades. No resto de acreditacións a referencia será a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA, no acaso de acreditación pola ACSUG, ou a data de efectos que se recolle na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no caso de acreditación pola ANECA)
- d) De manterse o empate, a Comisión de Selección avaliaría os Curriculum Vitae dos/das solicitantes e as necesidades docentes das áreas de coñecemento actuais e futuras, de acordo coa previsión de implantación de novas titulacións e a adecuación ás liñas de desenvolvemento dos Campus de Especialización da UDC.

4. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo I a esta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse segundo o establecido no Regulamento do rexistro da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno o 28/02/2018).

Código Seguro De Verificación	0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	23/09/2019 14:11:31
Observacións			Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==			



Coa solicitude achegárase:

- Unha copia simple do Certificado I3
- Unha copia simple do certificado de acreditación ao Corpo de Titular de Universidade, Contratado/a Doutor ou Axudante Doutor/a
- Curriculum Vitae

6. Admisión de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas. Contra dita resolución as persoas interesadas poderán emendar a solicitude ou presentar reclamación, ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, publicarase a resolución da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

7. Actuación da Comisión de Selección

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente convocará nun prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, a Comisión de Selección establecida na disposición 3.

A Comisión de Selección elaborará unha prelación de solicitudes empregando os criterios dos apartados a), b) e c) da disposición 3.3 e de ser necesario publicará os criterios de valoración que se aplicarán para o apartado d) dese mesma disposición.

Na Sede Electrónica da UDC publicarase a proposta provisional de prelación feita pola Comisión de Selección, e abrírase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións.

No caso de existir alegacións reunírase a Comisión de Selección co fin de aprobar a prelación definitiva. No caso de non existir alegación elevarase automaticamente a definitiva a prelación provisional.

A prelación definitiva publicarase na Sede Electrónica da UDC e a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará o resultado definitivo aos departamentos afectados pola asignación dunha praza deste programa, para que remitan de forma inmediata unha proposta de convocatoria que deberá ser aprobada por Consello de Goberno.

8. Norma final

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente dará conta aos Representantes dos/as Traballadores/as e ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

9. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento

Código Seguro De Verificación	0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	23/09/2019 14:11:31
Observacións			Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==			



serán tratados pola UDC para fixar a distribución por áreas de coñecemento das prazas de PDI incluídas dentro do apartado B) do Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19 (aprobado en Consello de Goberno do 29/10/2018)

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Ponte Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

10. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán os/as interesados interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	23/09/2019 14:11:31
Observacións			Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==			



Anexo I

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A CAPTACIÓN MEDIANTE CONCURSO DE NOVO PROFESORADO ACREDITADO A PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A OU AXUDANTE DOUTOR/A

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

NOME:	DNI:
CATEGORÍA E ÁREA DE COÑECEMENTO PARA A QUE SE SOLICITA A PRAZA:	
Categoría:	
Área de coñecemento:	
PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDO (DISPOSICIÓN 2 DA CONVOCATORIA):	

2. SOLICITUDE

Segundo o disposta nos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a captación mediante concurso de novo profesorado acreditado a profesor/a contratado/a doutor/a ou axudante doutor/a no curso académico 2018/19, do Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19, aprobado no Consello de Goberno do 29/10/2018, solicito a convocatoria dunha praza de Persoal Docente e Investigador co fin de posibilitar a miña estabilidade laboral na Universidade da Coruña.

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

1. Copia da acreditación de Titular de Universidade, Contrado/a Doutor/a ou Axudante doutor
2. Copia Certificado I3
3. Curriculum Vitae

Data:

Asdo.:

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	23/09/2019 14:11:31
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0zuPra1wHK6o0yae3nFDMw==		

